



## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C

[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

### **BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE SOCORRISTA PARA O CONCELLO DE PANTÓN (LUGO).**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de un (1) socorrista, durante dous meses a xornada completa, na modalidade de contrato temporal para obra ou servizo determinado de interese social, para que preste os seus servizos no Concello de Pantón.

As funcións a desenvolver serán as seguintes:

- ✓ Vixiar o cumprimento de normas e uso das instalacións
- ✓ Atención aos bañistas.
- ✓ Auxiliar en caso de accidente.
- ✓ Realizar a limpeza do fondo do vaso de recreo (pasar limpafondos)
- ✓ Manter ordenada e limpa a zona de recreo.
- ✓ Rexistrar anotacións do PH e cloración da auga no libro de rexistro sanitario.

#### **SEGUNDA.- NATUREZA DO CONTRATO.**

A natureza do contratos será laboral temporal ao abeiro do establecido na lexislación vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do correspondente contrato, e rematando no prazo de dous meses. Os primeiros quince días do contrato de traballo, constitúen o período de proba.

#### **TERCEIRA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.**

Esta contratación laboral rexerese polo disposto:

-No artigo 15.1 a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

-Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.

-Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

-Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

-Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.



## CONCELLO DE PANTON ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C

[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

-Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.

-Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

### **CUARTA.- FINANCIAMENTO.**

A presente contratación está financiada ao cento por cento pola subvención concedida ao efecto pola Consellería de Economía, Emprego e Industria o amparo da Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as Bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas 340.131 e 340.160 do orzamento corrente de gastos.

### **QUINTA.- PUBLICIDADE.**

As bases serán publicadas na páxina web do concello: [www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es), no Taboleiro de Edictos, de conformidade co disposto no artigo 12 da Orde do 02 de maio de 2017 das presentes bases terá constancia a Oficina de Emprego de Monforte de Lemos (Lugo).

Todos os avisos, citacións e convocatorias que se realicen ós aspirantes, que non sexan os que obrigatoriamente se mencionan en estas bases, realizaranse únicamente por medio do taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web.

### **SEXTA.- REQUISITOS DOS INTERESADOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO.**

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a. Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.
- b. Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, do certificado en ESO ou equivalente, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

- d. Para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia será necesario que o/a profesional solicite a **inscrición no correspondente**



## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C  
[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

**Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, achegando a preceptiva declaración responsable e que dispoña da correspondente habilitación profesional**, para ou cal deberáse posuír un dous seguintes niveis formativos:

- Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

- Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas.

- Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas.

Non obstante, a partir da entrada en vigor do DECRETO 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, e durante o período transitorio de 5 anos, que permita garantir a obtención por parte das persoas interesadas da acreditación das unidades de competencia da cualificación profesional correspondente, poderán inscribirse de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia as persoas que, no momento da entrada en vigor desta normativa, cumpran algún dos seguintes requisitos:

1.º Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de 80 horas de formación de salvamento e socorrismo acuático impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto.

2.º Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de formación en materia de socorrismo impartido por universidades, federacións deportivas de salvamento e socorrismo, Cruz Vermella ou outras entidades con experiencia na formación de socorristas, con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto, sempre que devandito curso obteña a homologación da Academia Galega de Seguridade Pública.

Aqueles cursos que estean en fase de desenvolvemento na data de publicación do presente decreto serán considerados a efectos do establecido neste apartado, sempre que a entidade que organiza o curso notifiqueo á Agasp no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación deste decreto.

A Academia Galega de Seguridade Pública utilizará como criterio de homologación que o curso teña un mínimo de 80 horas e un contido similar ao curso de salvamento e socorrismo acuático ofertado pola Agasp nos últimos anos.

3.º Estar en posesión dun diploma que acredite a superación con avaliación positiva do Curso de formación profesional para o emprego de socorrista acuático (AFDB10, de 240 horas), expedido por unha Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego.

- e. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.
- f. Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.



## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C

[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

**Pantón**

- g. Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- h. O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga 1–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante, na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.
- i. Estar na situación de persoa inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como na da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as seguintes persoas: que sexan perceptoras da Risga, desempregadas maiores de 45 anos, vítimas de violencia de xénero, menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional, parados de longa duración, discapacitado, parados de longa duración sen dereito a subsidio, integrantes de grupos desfavorecidos, en risco de exclusión social ou teñan cargas familiares: fillos/as menores de 26 anos, menores en acollemento, maiores discapacitados ou incapacitados.
- j. Todos os requisitos esixidos nesta Base deberánse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

### **SÉTIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

O Concello de Pantón solicitará os aspirantes na oficina de emprego de Monforte mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados a tal efecto, facendo referencia aos requisitos que deban reunir os traballadores que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos na ORDE do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2017.

Recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto ofertado, para finalmente proporcionar ao Concello de Pantón a listaxe dos candidatos.

Coa documentación remitida polo Servizo Galego de Colocación, entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Unha vez recibido polo Concello, os aspirantes que resultaran preseleccionados por reunir os requisitos esixidos na devandita oferta, requiriráselles aos candidatos preseleccionados para que comparezan nas oficinas municipais para recoller as bases.

As solicitudes para participar no proceso selectivo dirixiranse o Sr. Alcalde, e presentaranse no Rexistro Xeral de entrada no prazo de 3 días hábiles en horario de oficina, —09:00-14:00—, (cuxo modelo se adxunta no Anexo I) contados dende o día seguinte ao da chamada telefónica polo Concello para a entrega e recollida das Bases de selección.



## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C

[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

Tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro. Neste caso os solicitantes deberán comunicalo ou adiantar a solicitude enviada mediante fax, durante o mesmo prazo de presentación de instancias. Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

### **OITAVA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

Os aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base Sexta, e achegarán:

- ✓ Fotocopia do D.N.I.
- ✓ Fotocopia cotexada do curso CELGA.
- ✓ Fotocopia cotexada do certificado en ESO ou titulación equivalente.
- ✓ Fotocopia cotexada da inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia ou análogo.
- ✓ Certificado médico oficial que acredite que as condicións de saúde do traballador son as adecuadas para o desempeño do posto de traballo.
- ✓ Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, segundo o establecido na Base Novena, en orixinal ou fotocopia autorizada por fedatario público, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.
- ✓ Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- ✓ Documento que acredite que son son persoas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia, ben galego ben castelán.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde ditará resolución no prazo máximo dun (2) días naturais, na que declare aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, a composición do tribunal. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web [www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es), indicarse a causa da exclusión, e concederase un prazo de dous (2) días naturais para a emenda de erros. Resultas as reclamacións, convocarase mediante anuncio no taboleiro, o tribunal e a data de reunión do mesmo para a valoración dos méritos. No caso de non haber reclamacións a lista provisional terá carácter definitivo.

### **NOVENA.- SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS.**

O proceso selectivo contará cunha fase calificable cuantitativamente polo Tribunal de selección que se constitúa e cuxa ponderación na puntuación final do aspirante será a que se indica a continuación:

FASE: VALORACIÓN DE MÉRITOS. (10 puntos)

Na selección valoraranse os seguintes méritos:



## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C  
[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

**Pantón**

- Cursos de formación e perfeccionamento en materia propia do posto a cubrir, valorándose ata un máximo de 5 puntos. Os cursos valoraranse da seguinte forma: Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios, conferencias ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 5,5 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:
  - De 10 a 20 horas, a razón de 0,15 puntos/curso.
  - De máis de 20 horas e menos de 40, a razón de 0,25 puntos/curso.
  - De 40 horas ou máis, a razón de 0,50 punto/curso.

Non se valorarán as asistencias cursiños en xeral dunha duración inferior a dez horas e os que non especifiquen o número de horas. So se valoraran os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas non serán obxecto de valoración.

- Diplomatura en Maxisterio na especialidade Educación Física ou Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte -2 Puntos.
- Ciclo Superior de Animación en Actividades Físicas e Deportivas- 1,5 Punto.
- Por ser persoas: perceptoras da Risga inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, desempregado maior de 45 anos, vítima de violencia de xénero, menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional, parado de longa duración, discapacitado, parado de longa duración sen dereito a subsidio, integrantes de grupos desfavorecidos, en risco de exclusión social ou teñan cargas familiares: fillos/as menores de 26 anos, menores en acollemento, maiores discapacitados ou incapacitados. -1 Punto (no caso de atoparse o candidato en máis de unha das situacións descritas só se valorará unha ).

Unha vez publicado o resultado do tribunal cualificador, os solicitantes terán un prazo de dous (2) días naturais para a presentación de reclamacións ante a decisión tomada polo tribunal. Esta reclamación será contestada nun prazo máximo de dous (2) días naturais. Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista terá carácter definitivo. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase a lista definitiva de puntuacións no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello. As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dun/ha técnico/a destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ao/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada da bolsa non xustifique a documentación requirida no punto noveno das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa. A vixencia da presente bolsa de traballo será ata o 31.12.2017.

### **DÉCIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

1.- O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía. Estará integrado polos seguintes membros:



## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C

[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

**Pantón**

- Presidente: funcionario/a ou persoal laboral da Administración.
- Secretaria: a secretaria do Concello de Pantón ou persoa en quen delegue.
- Vogais: funcionarios ou persoal laboral da Administración.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

Aos efectos de percepción de asistencias polo membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase á clasificación prevista no artigo 30.1 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

### 2. - Abstención e recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 de a Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

### 3. - Constitución e actuación.

Para a válida constitución e actuación do Tribunal cualificador, requirirase a presenza de mais da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, e sempre a do Presidente e a do Secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

### 4. - Vinculación das resolucións do tribunal.

O Presidente da Corporación resolverá segundo a proposta do tribunal, que terá carácter vinculante. De conformidade co do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, no caso de producirse a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-Presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

## **UNDÉCIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación. No suposto de empate a puntos, terá prioridade o aspirante que teña maior puntuación nos seguintes apartados e pola seguinte orde de preferencia:

- ✓ Titulación académica.



## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C  
[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

- ✓ Cursos de formación e perfeccionamento

De persistir o empate, resolverase por sorteo.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que postos convocados.

Si se producise algunha vacante nos postos ofertados durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que non superasen as probas por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

Formulada proposta de designación a favor do/a candidato/a con maior puntuación, efectuarase o nomeamento polo Alcalde, asinándose, a continuación, o correspondente contrato laboral de interese social.

Os/as aspirantes propostos/as achegará no prazo de tres (2) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de seleccionados no Taboleiro de Edictos os documentos seguintes (sempre que non os tivese presentado coa solicitude):

- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Certificado de titularidade da conta bancaria.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 6ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrerá por falsidade na solicitude.

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal de traballo de interese social.

### **DUODÉCIMA.- RECURSOS.**

As presentes bases que poñen fin a vía administrativa e cantos actos se deriven da mesma, poderán ser impugnados cos medios e forma previstos na Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais lexislación aplicable.

Pantón, 20 de xuño de 2017

O Alcalde,

Asdo.: José Luis Álvarez Blanco.





## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C  
[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

### ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE PANTÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN SOCORRISTA

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI  
\_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificación en  
\_\_\_\_\_, teléfono  
\_\_\_\_\_; Número da seguridade Social \_\_\_\_\_; correo  
electrónico \_\_\_\_\_

#### EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Pantón para a contratación laboral temporal indicada.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita contratación e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño do posto e que non estou incurso/a en prohibición para me contratar nin me atopo en situación de incompatibilidade.
4. Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a fotocopia compulsada do meu DNI ou Tarxeta de Residente e tamén a do Título esixido.
5. Que no dorso relaciono os méritos que alego e achego a documentación acreditativa.
6. Que presento toda a documentación numerada correlativamente.
7. Que achego certificado médico oficial que acredite que as condicións de saúde do traballador son as adecuadas para o desempeño do posto de traballo
8. Que achego declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación. (Anexo II)

Por iso, **SOLICITO:**

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Pantón, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

#### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTÓN

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Pantón, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte enderezo: Concello de Pantón. Praza do Concello, s/n, 27430, Ferreira de Pantón.



## CONCELLO DE PANTÓN ( LUGO )

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C  
[www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) ---- E-Mail: [concello.de.panton@eidolocal.es](mailto:concello.de.panton@eidolocal.es)

### **ANEXO II.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A BASE SEXTA PARÁGRAFOS f) E g) DAS QUE REXEN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN (1) SOCORRISTA.**

D/D<sup>a</sup> ....., con documento nacional de identidade número....., e enderezo en.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade ou de incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. estar separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades locais, nin estar inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas.

Pantón, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTÓN**